

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019438	CEIP A Guía	Moaña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	5º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

Estamos ante unha aula mixta de 5º e 6º de Educación Infantil. O grupo está formado por un total de 13 nenos e nenas con idades comprendidas entre 4, 5 e 6 anos, xa que temos unha alumna este ano no aula que flexibilizou a etapa de Ed. Infantil. A súa adaptación ao grupo, tras o Plan de Acolida Inicial foi moi favorable e positiva por todo o grupo. O centro está contextualizado nunha zona costeira, onde o principal medio económico das familias é o mar.

Estamos ante unha aula mixta de 5º e 6º de Educación Infantil. O grupo está formado por un total de 13 nenos e nenas con idades comprendidas entre 4, 5 e 6 anos, xa que temos unha alumna este ano no aula que flexibilizou a etapa de Ed. Infantil. A súa adaptación ao grupo, tras o Plan de Acolida Inicial foi moi favorable e positiva por todo o grupo. O centro está contextualizado nunha zona costeira, onde o principal medio económico das familias é o mar. A programación da área de Comunicación e Representación da Realidade recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 5º de El co fin máximo de promover nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan comezar a desenvolver ferramentas para comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coa contorna e coas demais persoas que a habitan.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por tarefas, actividades e exercicios. Consideramos fundamental seguir respetando o principio de globalidade á hora de deseñar situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares para favorecer aprendizaxes significativas.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade ou proxecto adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán coma centro de interese orientativo, pero que cada mestra ou mestre poderá adaptar a un tema máis concreto, sempre favorecendo que xurdan dos intereses das nenas e nenos.

A temporalización dos proxectos propostos é orientativa, e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada mestra e da realidade do aula. Atoparemos un proxecto anual sobre unha CAMPAÑA SOLIDARIA DENDE O CEIP A GUÍA ao longo dos tres trimestres, e unha Unidade Didáctica en cada trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1				1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1		1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1		1				

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1			1				1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	CAMPAÑA SOLIDARIA DENDE O CEIP AGUÍA	<p>Esta unidade traballarase ao longo de todo o curso xa que se trata dun tema transversal de gran interese para traballar dende as aulas, onde terán un papel fundamental as familias de centro, por ter na contorna próxima ao centro moitas asociacións e entidades solidarias.</p> <p>Atoparemos actividades relacionadas co desenvolvemento do corpo e o manexo de útiles. Terán cabida nesta unidade todas as actividades que realizaremos de movemento e control do corpo, motricidade fina, coordinación óculo-manual, ademáis de todo aquilo que se repite ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado.</p>	100	X	X	X
2	SOMOS PROTAGONISTAS	<p>Nesta unidade didáctica coñeceremos o noso propio corpo e o dos demais, introducindo progresivamente o coñecemento do esquema corporal e o enriquecemento do mesmo. Ademáis investigaremos a historia do noso nome, os compoñentes da nosa familia, os nosos gustos e intereses... Tamén traballaremos as letras do noso nome contabilizándoas, coñecendo as vogais e outras palabras que soan igual.</p> <p>Esta plantexada para o primeiro trimestre, podendo sempre ampliarse dependendo do interese do alumnado.</p> <p>Terán cabida nesta unidade todas as actividades que realizaremos de movemento e control do corpo, motricidade fina, coordinación óculo-manual, ademáis de todo aquilo que serva para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado.</p>	60	X		
3	OS OSOS E ELEFANTES	<p>Como a nosa aula é o aula dos Elefantosos e Elefantosas, decidimos investigar sobre estes animais</p>	60		X	

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	OS OSOS E ELEFANTES	<p>que atopamos na nosa contorna. Investigamos sobre o seu hábitat, a relación cos seres humanos, buscaremos información sobre a forma de desprazarse, a súa alimentación ou reprodución, as partes do seu corpo....</p> <p>Esta plantexada para o segundo trimestre, podendo sempre ampliarse dependendo do interese do alumnado.</p> <p>Terán cabida nesta unidade todas as actividades que realizaremos de movemento e control do corpo, motricidade fina, coordinación óculo-manual, ademais de todo aquilo que sirva para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado.</p>	60		X	
4	CANTO MEDIMOS	<p>Partindo da base do coñecemento da identidade persoal, nesta unidade traballaremos a medida a través das diferentes medicións partindo do noso corpo con unidades de medida e empregando elementos da contorna, pegadas dos animais que reopresentan o ciclo de infantil do noso centro.</p> <p>Esta plantexada para o terceiro trimestre, podendo sempre ampliarse dependendo do interese do alumnado.</p> <p>Terán cabida nesta unidade todas as actividades que realizaremos de movemento e control do corpo, motricidade fina, coordinación óculo-manual, ademais de todo aquilo que sirva para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado.</p>	60			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	CAMPAÑA SOLIDARIA DENDE O CEIP AGUÍA	100

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Transmite as súas emocións, ideas e pensamentos coas súas creacións	T1
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa interese pola lingua estranxeira para relacionarse, e polos seus aspectos culturais básicos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa de xeito guiado no uso do Inglés, en rutinas e situacións cotiás a través de rimas, cancións... así como empregando estratexias de comunicación non verbal.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende as explicacións que se dan na clase	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Mostra interese polos textos escritos presentes no seu contorno	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Fai uso da biblioteca como fonte de información e como fonte de pracer.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Percibir, identificar e discriminar algúns sons.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Explora as posibilidades plásticas e creativas de diversos materiais, útiles, soportes..	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Memorización e recitado de textos literarios. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.

UD	Título da UD	Duración
2	SOMOS PROTAGONISTAS	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Respeta as quendas de palabra e escoita con atención ás compañeiras e compañeiros.	TI
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Amosa interese por coñecer as peculiaridades lingüísticas da contorna próxima	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa interese pola lingua estranxeira para relacionarse, e polos seus aspectos culturais básicos.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa de xeito guiado no uso do Inglés, en rutinas e situacións cotiás a través de rimas, cancións... así como empregando estratexias de comunicación non verbal.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Fai uso da biblioteca como fonte de información e como fonte de pracer	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Gústalle mirar e ler libros de forma autónoma e grupal	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando algúns instrumentos, algúns recursos ou técnicas.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valorar as producións dos demais adoptando unha actitude de silencio e respecto.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa ideas, emocións e pensamentos a través de diferentes técnicas plásticas gozando do proceso	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Fai un uso moderado das ferramentas tecnolóxicas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiás da súa contorna e dos instrumentos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. - Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo. - Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
3	OS OSOS E ELEFANTES	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa interese pola lingua estranxeira para relacionarse, e polos seus aspectos culturais básicos.	TI
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa de xeito guiado no uso do Inglés, en rutinas e situacións cotiás a través de rimas, cancións... así como empregando estratexias de comunicación non verbal.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende as explicacións que se dan na clase.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Emprega adecuadamente o vocabulario que posúe segundo o contexto	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Gusta de empregar a escritura con diferentes fins: informativos, lúdicos, creativos...	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Fai uso da biblioteca como fonte de información e como fonte de pracer	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresar emocións, ideas e pensamentos a través dalgunhas manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresar gustos, preferencias e algunha opinión sobre, a lo menos, unha manifestación artística.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora e respeta as producións dos compañeiros e compañeiras	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpreta as mensaxes transmitidas recoñecendo a intencionalidade do emisor	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - O código musical: o son, o silencio e as súas calidades. - Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras. - Respecto cara ás producións alleas. - Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

UD	Título da UD	Duración
4	CANTO MEDIMOS	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa interese por participar en interaccións orais noutras linguas	TI
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa interese pola lingua estranxeira para relacionarse, e polos seus aspectos culturais básicos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa de xeito guiado no uso do Inglés, en rutinas e situacións cotiás a través de rimas, cancións... así como empregando estratexias de comunicación non verbal.	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Fala con intención de comunicarse co resto de persoas	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	Iniciouse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Fai uso da biblioteca como fonte de información e como fonte de pracer	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Participa con atención nos momentos de lectura grupal	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Interpretar musicalmente mensaxes expresadas nalgunha das linguaxes oral, plástica, escrita ou corporal, indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Intepreta a través da xestualidade e do movemento contos, poemas, pezas musicais...	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Fai uso das ferramentas tecnolóxicas para a procura de información	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión. - Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.

Contidos

- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, esta Programación Didáctica ten como referentes metodolóxicas as liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán a cabo ao longo do curso.

As diferentes UD están deseñadas para que o seu desenvolvemento permita o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxetivos da etapa. Ademais están pensadas para a consecución de logro de cada un dos criterios de avaliación establecidos ou, alomenos, dos mínimos de consecución correspondentes, así como a progresiva adquisición das competencias clave.

A intervención na aula partirá dun enfoque globalizador, establecendo conexións entre os coñecementos previos e os aspectos a traballar para poder representar a realidade como un todo, pois deste xeito é como mellor a perciben os alumnos/as. Debemos considerar que son os nenos /as os que constrúen, modifican, enriquecen e diversifican os seus esquemas, por este motivo consideramos a concepción constructivista da intervención pedagóxica como a máis axeitada .

Favoreceremos deste xeito:

- Aprendizaxes significativas partindo das necesidades, intereses e características do alumnado.
- Unha aprendizaxe activa potenciando a súa autonomía.
- Un clima de seguridade e confianza establecendo normas e organizando espazos cálidos, estéticos e funcionais.
- Unha aprendizaxe lúdica tendo en conta a importancia do xogo, que é unha actividade propia desta etapa e será un elemento fundamental na aprendizaxe.
- Unha aprendizaxe individualizada e socializadora.
- A colaboración coas familias a través de contactos informais, a axenda escolar, a participación conxunta en obradoiros...

O método de traballo de aula é o baseado no traballo por PROXECTOS, pero non será o único, xa que tamen alternaremos OBRADOIROS (tanto a nivel de aula, como a nivel de centro ou interniveis), e o traballo por RECANTOS, sendo este último o que rixe a nosa xornada escolar diaria.

No que respecta á aprendizaxe da Lectoescritura, en El realizaremos unha aproximación á mesma. Seguiremos o método constructivista, polo que non chamamos as letras polo seu nome, senón que traballaremos a asociación fonema-grafema. Priorizaremos o traballo dos prerrequisitos motores, respetando o ritmo do alumnado e as súas necesidades, referente a aspectos coma a direccionalidade, a pulsión tónica, a coordinación visomotora e a motricidade fina.

A modo preventivo teremos un Obradoiro de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO) onde avaliaremos as posibles dificultades da linguaxe dende idades temperás.

En canto á distribución ESPACIAL, a aula estará distribuída por RECANTOS, dentro dos cales haberá material específico co que pretendemos non só alcanzar os obxetivos plantexados, senón tamén atender as necesidades do alumnado partindo sempre de actividades manipulativas e lúdicas.

Polo que respecta á organización TEMPORAL , será flexible atendendo as necesidades do alumnado. Para favorecer a incorporación do alumnado ao ámbito escolar, estableceremos unha serie de rutinas diarias que lles axuden a saber o que van facer durante o día (estarán expostas na assemblea, nun lugar ben visible mediante pictogramas), o cal favorecerá a súa seguridade.

Ao longo das xornadas o alumnado vivenciará diferentes formas de agrupamento: gran grupo (assemblea, obradoiros, contacontos...), pequeno grupo (recantos, actividades tarefa...), individual (traballo de afianzamento de contidos...),

grupos mixtos (nos obradoiros semanais...)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais funxibles, non funxibles e recursos humanos

Os recursos Humanos que empregaremos ao longo de todo o curso escolar ademais dos mestres de aula, especialistas, PT e AL, solicitaremos a colaboración de persoas da contorna, traballadores de diferentes asociación de axuda a comunidade, de ONGs, voluntarios, as familias, persoal do concello e doutras dependencia que nos poidan resultar de interes na práctica educativa.

No aula tamén empregaremos os recursos presentes nos recantos como son o ordenador, a mesa de luz, a Beebot, a pizarra dixital, a mesa de experimentación, e outros materiais específicos dos recantos para pode realizar as tarefas nos mesmos como letras, construcións, xogos de mesa quebracabezas material para o xogo simbólico, elementos naturais, animais, bonecos, coches, etc.

Dentro do material funxible englobamos as temperas, os papeis de cores, as cartolinas, os lapis, gomas, ceras, rotuladores, plastilina, etc; e do material non funxible, facemos referencia as tesoiras, os pinceis, as esponxas, punzóns, alfombrillas....

A aula é moi espaciosa polo que o espacio establecido para os recantos é o óptimo, con amplas zonas de traballo, xogo e experimentación. dentro da aula temos un aseo no que cada nena e neno ten un espazo persoal con colgador para a roupa e colgador onde colocar a súa toalla. Na aula contamos cun panel dixital android que permite que os nenos e nenas se acheguen as Tecnoloxías da Información e a Comunicación empregándoa para facer búsquedas relacionadas cos proxectos, como búsqueda de información, de imaxes ou de páxinas de interese, entre outros recursos.

O ordenador do aula conta con software libre, libre Office, entre outros. Os altosfalantes están en bo estado para a reprodución auditiva.

A maiores o alumnado deberá traer os luns un material específico como son: o mandilón, toalla, bolsa de tea, mochila, merenda, auga e axenda escolar.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na avaliación inicial farei a recollida dos datos máis destacados do proceso de desenvolvemento do alumnado (informes anteriores do neno/a, observación directa do pequeno/a, datos recollidos na reunión do Equipo Educativo, datos recollidos na entrevista individual coa familia..)

Esta avaliación, levarase a cabo ao longo de todo o periodo lectivo para establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase xeral e de cada alumno /a en particular.

A partir dos datos obtidos tratarase co DO e co resto do equipo docente que imparte docencia na miña aula na primeira sesión de avaliación para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

Toda esta información recollerase nunha tabla de control e nunha acta de avaliación inicial, onde aparecen todas as persoas presentes nesas reunións.

Ademais, esta avaliación será global, continua e formativa, partindo sempre do que sabemos os nenos e as nenas do proceso de aprendizaxe que estamos levando a cabo, e do que queremos saber do mesmo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo mestre/a.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa educativa

6. Medidas de atención á diversidade

A Programación de Aula debe dar unha resposta axeitada ás necesidades educativas de todo o grupo-clase e de cada alumno e alumna en particular. Con este obxectivo, iremos realizando axustes no proceso de aprendizaxe, de modo que cada alumno/a poida acadar os obxectivos propostos participando da dinámica xeral da aula.

Agora ben, a atención á diversidade non só vai dirixida a aqueles alumnos/as que amosan dificultades salientables de aprendizaxe. E teremos sempre en conta que todos os alumnos e alumnas presentan diferenzas, xa sexa en estilos de aprendizaxe, en niveis de maduración, etc.

As medidas adoptadas deben ser unha resposta a todos e cada un dos alumnos/as e teñen que ser respectuosas coas súas características persoais.

Partindo destas premisas, suxírense, para cumprir coa atención á diversidade:

- Propostas de actividades con diversos graos de realización (reforzo e ampliación).
- Actividades diversas para traballar un mesmo contido.
- Diferentes tipos de agrupamentos na resolución das actividades: gran grupo, pequeno grupo e individual.
- Actividades que teñan aplicación na vida cotiá.
- Propostas que favorezan a expresión directa, a reflexión, a expresión e a comunicación.
- Contidos de aprendizaxe tratados de forma globalizada.
- Propostas de avaliación inicial ante un novo proceso de ensino-aprendizaxe.
- Utilización de procedementos e instrumentos de avaliación variados e diversos.

Ademáis o centro conta cun orientador e unha mestra de Audición e Linguaxe compartidos con outro centro e unha mestra especialista en Pedagogía Terapéutica. No caso de que haxa algún/a alumno/a con necesidades específicas de apoio educativo traballarei con el/ela segundo as súas necesidades, sempre en colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Colaboración con diferentes ONGs solidarias	X			
ET.2 - Coidado da contorna e dos seres vivos			X	
ET.3 - Educación Igualitaria e da Diversidade		X		
ET.4 - Obradoiro de Hábitos de control corporal		X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.5 - Obradoiro de HHSS (Educación emocional e en valores)	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz			X	
ET.7 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable		X	X	
ET.8 - Obradoiros con diferentes asociacións	X			X

Observacións:

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas. De igual modo, desde todas as áreas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoas relacionadas con ONGs e identidades solidarias	Ao longo das diferentes unidades didácticas invitaremos aos familiares expertos na materia que estemos investigando. Ademais de coñecer as diferentes propostas de actividades que nos plantexen	X	X	X
Contacontos	Ao longo das unidades didácticas teremos a visita das familias para contarnos contos, ou de outros expertos na materia, e tamén o propio alumnado de primaria do centro.		X	
Saídas ao campo ou aos redores do centro	Sairemos a recoñecer e observar a contorna, e a recoller elementos naturais relacionados coas nosas unidades.			X
Obradoiros	As familias, xunto co alumnado realizará diferentes obradoiros (decoración, elaboración de disfraces, manualidades...)	X	X	X
Conmemoracións e festas	A Comunidade Educativa poderá planificar e participar en diferentes celebracións ao longo do curso	X	X	X
Obradoiros de emocións	No primeiro trimestre realizamos dúas sesións de loga. Ademais, o último venres de cada mes realizamos obradoiros de HHSS	X	X	X
Saídas de fin de curso	Actividade de convivencia con todo o centro e lúdica para celebrar o final do curso e coñecer a contorna.			X
Elaboración dunha revista escolar	No obradoiro de expresión escrita realizaremos diferentes tarefas que formarán parte dunha revista escolar	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O caranvexo	Elaboraremos un telexornal co concello e con todos os centros de Moaña.	X	X	
Programas de Radio	Realizaremos sinxelos programas de radio para favorecer a vocalización, a pronunciación, os tempos de espera...		X	
Saída a un centro, entidade ou organización solidaria	Realizaremos actividades prácticas e lúdicas de observación e colaboración con diferentes entidades da contorna que traballen aspectos relacionados coa solidaridade	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado.
Elementos curriculares presentes nas actividades.
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
Temporalización de actividades adecuada.
Metodoloxía empregada
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilízase diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Empréganse diversos recursos didácticos.
Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente
Promóvese a participación das familias.
Outros
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación se valorará a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019438	CEIP A Guía	Moaña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Crecedemento en harmonía	5º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

Estamos ante unha aula mixta de 5º e 6º de Educación Infantil. O grupo está formado por un total de 13 nenos e nenas con idades comprendidas entre 4, 5 e 6 anos, xa que temos unha alumna este ano no aula que flexibilizou a etapa de Ed. Infantil. A súa adaptación ao grupo, tras o Plan de Acolida Inicial foi moi favorable e positiva por todo o grupo. O centro está contextualizado nunha zona costeira, onde o principal medio económico das familias é o mar.

A programación da Área de Crecemento e Harmonía recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 5º e 6º de Ed. infantil co fin de que os nenos e nenas coñezan, dominen e coiden o seu propio corpo. Ademais do desenvolvemento da súa propia imaxe, autonomía e identidade persoal.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por tarefas, actividades e exercicios. Consideramos fundamental seguir respetando o principio de globalidade a hora de deseñar situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares para favorecer as aprendizaxes significativas.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade ou proxecto adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán como centro de interese orientado pero que cada mestra ou mestre poderá adaptar a un tema máis concreto, sempre favorecendo que xurdan dos intereses dos nenos e nenas.

A temporalización dos proxectos propostos é orientativa, e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada mestra e da realidade do aula. Atoparemos un proxecto anual sobre unha CAMPAÑA SOLIDARIA DENDE O CEIP A GUÍA ao longo dos tres trimestres, e unha Unidade Didáctica en cada trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.	1				1	1	1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1	1			1	1	1	1
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable				1		1	1	1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos						1	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	CAMPAÑA SOLIDARIA DENDE O CEIP A GUIA	<p>Esta unidade traballarase ao longo de todo o curso xa que se trata dun tema transversal de gran interese para traballar dende as aulas, onde terán un papel fundamental as familias de centro, por ter na contorna próxima ao centro moitas asociacións e entidades solidarias.</p> <p>Atoparemos actividades relacionadas co desenvolvemento do corpo e o manexo de útiles. Terán cabida nesta unidade todas as actividades que realizaremos de movemento e control do corpo, motricidade fina, coordinación óculo-manual, ademáis de todo aquilo que se repite ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado.</p>	100	X	X	X
2	SOMOS PROTAGONISTAS	<p>Nesta unidade didáctica coñeceremos o noso propio corpo e o dos demais, introducindo progresivamente o coñecemento do esquema corporal e o enriquecemento do mesmo. Ademáis investigaremos a historia do noso nome, os compoñentes da nosa familia, os nosos gustos e intereses... Tamén traballaremos as letras do noso nome contabilizándoas, coñecendo as vogais e outras palabras que soan igual.</p> <p>Esta plantexada para o primeiro trimestre, podendo sempre ampliarse dependendo do interese do alumnado.</p> <p>Terán cabida nesta unidade todas as actividades que realizaremos de movemento e control do corpo, motricidade fina, coordinación óculo-manual, ademáis de todo aquilo que sirva para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado.</p>	60	X		
3	OS OSOS E ELEFANTES	<p>Como a nosa aula é o aula dos Elefantosos e Elefantosas, decidimos investigar sobre estes animais que atopamos na nosa contorna.</p> <p>Investigamos sobre o seu hábitat, a relación cos seres humanos, buscaremos información sobre a forma de desprazarse, a súa alimentación ou reprodución, as partes do seu corpo....</p> <p>Esta plantexada para o segundo trimestre, podendo sempre ampliarse dependendo do interese do alumnado.</p> <p>Terán cabida nesta unidade todas as actividades que realizaremos de movemento e control do corpo, motricidade fina, coordinación óculo-manual, ademáis de todo aquilo que sirva para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do</p>	60		X	

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	OS OSOS E ELEFANTES	alumnado.	60		X	
4	CANTO MEDIMOS	<p>: Partindo da base do coñecemento da identidade persoal, nesta unidade traballaremos a medida a través das diferentes medicións partindo do noso corpo con unidades de medida e empregando elementos da contorna, pegadas dos animais que reopresentan o ciclo de infantil do noso centro. Esta plantexada para o terceiro trimestre, podendo sempre ampliarse dependendo do interese do alumnado.</p> <p>Terán cabida nesta unidade todas as actividades que realizaremos de movemento e control do corpo, motricidade fina, coordinación óculo-manual, ademais de todo aquilo que serva para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado.</p>	60			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	CAMPAÑA SOLIDARIA DENDE O CEIP A GUIA	100

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Progresa na representación completa do esquema corporal	TI
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participa activamente en xogos espontáneos e dirixidos	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Presenta unha axeitada motricidade fina	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Manifesta sentimentos de seguridade persoal nas situacións da vida cotiá	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Acepta as súas posibilidades durante o xogo	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Progresa no control da súa frustración	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
